

MONICREQUES

MÚSICA

TEATRO

EXPOSICIÓNS

OBRADOIROS

PROGRAMACIÓN
CULTURAL

Oleiros


setembro | decembro

2015



Concello de
Oleiros

www.oleiros.org



**V CICLO DE
TEATRO XUVENIL**

Sábado 12 | 09
20:30h

Auditorio Gabriel
García Márquez,
Mera

A Compañía teatral **Caruncho** presenta o seu espectáculo **O Canobacho de Pierrock**, unha obra escrita e dirixida por Caruncho teatro.

Sinopse: Bérghamo, s. XVII. Rosinha, emigrante portuguesa, quere casar con Arlequino. Necesita algo novo, algo vello, algo prestado e algo azul. Arlequino, ama profundamente a Rosinha... e a tantas outras. Pierrot, amigo de Arlequino, quere declararse a Rosinha, pero quedou sen voz no peor dos momentos. Unha comedia tenra e divertida sobre a procura do amor e a felicidade.

Elenco: Lara Capeáns, Iria Mourón, Anahí Taraburelli. Colaboración musical de: Diariodeverano, Migeula Alonso, Shine.

Xénero: Comedia

Duración: 60 minutos

2,50€

As entradas
poñeranse á venda a
partir das 19:30 horas, ata
completar a capacidade da sala.





**Sábado 19 | 09
20:30h**

Auditorio Gabriel
García Márquez,
Mera

A **Compañía teatral do IES María Casares** presenta o seu espectáculo **Tolemia**, unha creación colectiva dirixida por Ramiro Neira.

Sinopse: Os tolos abren os camiños que máis tarde percorren os sabios

Elenco: Noa Blanco Buela, Zeltia Ceias Rodríguez, Jaime Faraldo Gómez, Laura Lomba Taboada, Fátima Andrea Pérez Lamela, Sabela Cernadas Rodríguez, Antía Gómez Ortega, Paloma Igualada Pérez, Nuría Mexuto Bautista, María Rodríguez Grela, Alberto Rodríguez Vázquez, Carlos Iglesias Varela, Ana de Juana González, Ricardo Delgado Collado.

Xénero: Traxicomedia

Duración: 50 minutos

2,50€

As entradas
poñeranse á venda a
partir das 19:30 horas, ata
completar a capacidade da sala.

Sábado 26 | 09
20:30h

Auditorio Gabriel
García Márquez,
Mera



A Compañía teatral Grupo de Teatro e Danza **El Ruiseñor** presenta o seu espectáculo **La Casa de Bernarda Alba** adaptación de Susana Crespo de Federico García Lorca, baixo a dirección de Susana Crespo.

Sinopse: Tras a morte do seu segundo esposo, Bernarda Alba reclúese e impón un loito rigoroso e asfixiante por oito anos, prohibindo ás súas cinco fillas que saíran á rúa. Angustias, a primoxénita e a única filla do primeiro marido, hereda unha fortuna, e está comprometida a Pepe o Romano. O mozo á vez, namora a Adela, a irmán menor, quen está disposta a ser a súa amante. A represión asfixiaa á que están sometidas estas mulleres convertese nunha bomba de relojería nunha casa dominada a golpe de ditadura pola figura materna de Bernarda. O Ruiseñor leva a escena, cun gran respecto, este clásico de Lorca, transportando ao público a un mundo de represión e convencionalismos sociais e valores patriarcais onde nacer muller é o maior castigo.

Elenco: Sonsoles Alvarellos, Lidia Gómez Boga, Rosa Gallego, Rosa Martul, Carolina López, Laura López Villanueva, Irene Álvarez, Emilia Rodríguez, Diana Núñez, María Martul, Diana Núñez, Maite Vázquez, Susana Conchado, Samantha Miguez

2,50€

As entradas
poñeranse á venda a
partir das 19:30 horas, ata
completar a capacidade da sala.

Xénero: Drama

Duración: 80 minutos



**CONCERTOS
E TEATRO**

**Sábado 03 | 10
20:30h**

Auditorio centro
cultural A Fábrica,
Perillo



A formación jazzística **Nani García Trío** presenta o seu último traballo **“Serendipia”**

FORMACIÓN: Nani García (piano e composicións), Simón García (contrabaixo) e Miguel Cabana (batería).

Nani García volta á primeira liña da escea musical contemporánea recuperando o seu emblemático trío de jazz, un proxecto co que xa nos anos 80 logrou renovar o panorama jazzístico galego. Con novos músicos e repertorio, pero mantendo a formación de piano, contrabaixo e batería, Nani García Trío vai máis aló dos estándares e da creatividade esporádica propios do jazz convencional para apostar por unha estética integral e contemporánea, que afonde tanto no son das pexas como na execución instrumental.

Actualmente NG Trío dispónse a presentar o seu último traballo **“Serendipia”**, segunda publicación da formación logo de “Renaissance”.

**ENTRADA
LIBRE,**

ata completar a
capacidade da sala



**Domingo 04 | 10
18:30h**

Auditorio centro
cultural A Fábrica,
Perillo

A Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello organizan **Os Axóuxeres** da compañía Elefante Elegante.

O Encontro dos Axóuxeres é unha actividade de dinamización lingüística que consiste nun espectáculo de monicreques para bebés, nenos e nenas ata 6 anos e as familias. A entrada é gratuíta, con reserva, ata completar a capacidade da sala.

**ENTRADA
LIBRE,**

con reserva, ata completar
a capacidade da sala

**Domingo 04 | 10
20:30h**

Auditorio Gabriel
García Márquez,
Mera



A compañía **Avelaíña Teatro**, presenta o seu espectáculo **“María Castaña”**, escrita por Manuel Ayán e dirixida por Antón Lamapereira.

Sinopse: María Castaña, muller, galega, insubmisa. Motivos de abondo para sepultala na sima do inconsciente onírico. Motivos de abondo para reivindicala como unha fiestra de luz. Aquí presentamos unha hipótese verosímil do desencontro de María Castaña co bispo don Pedro López de Aguiar.

Elenco: Xulio Leal, Amparo Urtaza, Menchu González, Xabier Fernández, Suso Tarrío, Manuel Ayán, Juan Iglesias, Antón Lamapereira, Rita Rivas, Pepi Gómez, Patricia Puime e Pilar Rodríguez.

Xénero: Sátira

Duración: 75 minutos

MAIORES DE 12 ANOS

**ENTRADA
LIBRE,**

ata completar a
capacidade da sala



Venres 09 | 10
20:30h

Auditorio centro
cultural A Fábrica,
Perillo

Concerto de **Fado1111**

Concerto incluído dentro da edición número **XXVI** do Festival Internacional de Música de Pulso e Púa “Cidade de Cristal” organizado pola Agrupación Albeniz.

A agrupación **Fado1111** de Guimaraes, representa a mestura do Fado de Lisboa & a Canção de Coimbra).

Inspírase na tradición oral, que di ser 1.111 o ano do nacemento de Don Alfonso Henriques (1º Rei de Portugal) e Guimaraes o berce da súa “Portugalidade”.

Trátase dun proxecto, con matiz e espazo físico na cidade de Guimaraes, que promove espectáculos nas dúas vertentes posibles do Fado (Coimbra e Lisboa).

FORMACIÓN: Carlos Cidade – Voz (*Estilo Coimbra*), Domingos Mateus – *Guitarra Portuguesa (Estilo Coimbra)*, Luís Teixeira de Campos – *Viola de Fado & Viola digitada (Estilo Coimbra)*, Rui Igreja Beirão – *Guitarra Portuguesa (Estilo Lisboa)* Teresa Daniela Fernandes – *Fadista*.

**ENTRADA
LIBRE,**

ata completar a
capacidade da sala

**Sábado 10 | 10
20:30h**

Auditorio centro
cultural A Fábrica,
Perillo



O **Quinteto Cimarrón** presenta o seu traballo **“Aires Tropicales”**.

FORMACIÓN: Eduardo Coma (violín), Lázaro Wilman (violín), Raymond Ateaga (violín), Luis Enrique Caballero (violonchelo) e Óscar Rodríguez (contrabaixo).

Música clásica, popular, moderna e cubana con tintes de jazz. Así de completa é a proposta que presenta o Quinteto Cimarrón na súa xira 2015. Procedentes de Cuba aínda que afincados en Galicia dende hai uns vinte anos, o Quinteto Cimarrón xurde en 2008, cando os violinistas Eduardo Coma e Lázaro Wilman deciden reunirse co violista Raymond Ateaga, o chelista Luis Enrique Caballero e o contrabaixo Óscar Rodríguez para interpretar ritmos cubanos. Son especialmente coñecidos polas súas colaboracións co popular clarinetista cubano Paquito D´Rivera.

O Quinteto ven con ritmos cubanos, pero nin a salsa nin a trova tradicional da illa forman parte do seu repertorio básico. Un percorrido polos xéneros máis importantes da música cubana: como son a contradanza, o danzón, o son e a guajira. Este disco foi grabado coa colaboración de Paquito D´Rivera.

**ENTRADA
LIBRE,**

ata completar a
capacidade da sala



**Sábado 17 | 10
20:30h**

Auditorio Gabriel
García Márquez,
Mera

A compañía teatral **Elefante Elegante**, presenta o seu espectáculo **“Kassa”**, escrito e dirixido por María Torres e Gonçalo Guerreiro.

Sinopse: KASSA é un espectáculo de teatro visual, inspirado en “A Metamorfose” de Franz Kafka, que reflexa a temática da vivenda. No inicio da acción a sociedade é sedutora, próspera e optimista. A casa, coma agasallo envolto en papel colorido, representa a realización dun soño, da unión e da felicidade familiar. Pero un día esgótanse os recursos económicos colectivos e a familia deixa de poder pagar as prestacións do seu soño. Que sorpresas lles reservará o futuro?

Elenco: Alfredo Muiño, Gonçalo Guerreiro, María Torres, Marta Alonso Tejada e Javier Pérez Piñón

Xénero: Teatro xestual

Duración: 90 minutos

MAIORES DE 12 ANOS

3,50€

As entradas
poñeranse á venda a
partir das 19:30 horas, ata
completar a capacidade da sala.

**Sábado 24 | 10
20:30h**

Auditorio Gabriel
García Márquez,
Mera

.....★.....
FARANDOLEIRAS
CABARÉ
PRESENTA
PÁNICO!



A compañía **FarandOleiras Cabaré**, presenta o seu espectáculo **“Pánico!”**, escrito e dirixido por Clara Gayo.

Sinopse: FarandOleiras Cabaré volve unha vez máis aos escenarios, para ofrecer a súa peculiar visión da actualidade cun espectáculo cheo de humor, teatro e números musicais. Pánico! Achéganos ao mundo do terror e intriga para demostrar que a realidade sempre supera á ficción e que non hai como botar unhas risas para superar calquera medo.


Elenco: Antonio Doldán, Beatriz Vázquez, Bernardino Cope, David Garrido, Elsa Parada, Esther Patiño, Estela Naranjo, Isa Currais, Lara Valcuende, Manuel Candamio, María Rey, Marisol Cancio, Natalia Domínguez, Noa Vedia, Noelia Papín, Paula Galego, Raquel Sánchez, Saleta Vázquez e Yolanda Zapata.

Xénero: Cabaré

**ENTRADA
LIBRE,**

ata completar a
capacidade da sala

MAIORES DE 12 ANOS



**Sábado 31 | 10
20:30h**

Auditorio Gabriel
García Márquez,
Mera

A compañía teatral **Espello Cóncavo**, presenta o seu espectáculo **“Romano”**, escrito e dirixido por Lino Braxe.

Sinopse: Un senador romano, logo de vivir a Roma de Augusto, as atrocidades de Tiberio e os delirios de Calígula, decide regresar á súa cidade natal, Tarento, lonxe da barbarie sanguinaria.

Elenco: Lino Braxe e Manuela Varela

Xénero: Teatro clásico

Duración: 70 minutos

MAIORES DE 12 ANOS

3,50€

As entradas
poñeranse á venda a
partir das 19:30 horas, ata
completar a capacidade da sala.

**Sábado 07 | 11
20:30h**

Auditorio Gabriel
García Márquez,
Mera



BUCANERO, presenta o seu espectáculo **“Os amos do mundo”**, de Carmen Blanco, baixo a dirección de Lino Braxe.

Sinopse: Un home rico. Un home non rico. Un ser explotador. Un ser un pouco explotado. Un triunfador. Un non triunfador. Un accidente de avión. Unha casa perdida nas montañas de Galicia. Un accidentado e o seu salvador. Unha convivencia difícil. Dous homes e un destino. Unha inesperada camaradaxe. O ser humano fronte á maquinaria das novas tecnoloxías. Luces e sombras.

Elenco: Xosé Bonome e Pedro Picos

Xénero: Comedia

Duración: 90 minutos

MAIORES DE 12 ANOS

2,50€

As entradas
poñeranse á venda a
partir das 19:30 horas, ata
completar a capacidade da sala.



**Sábado 14 | 11
20:30h**

Auditorio Gabriel
García Márquez,
Mera

VOADORA, presenta o seu espectáculo **“Waltz”**, baixo a dirección de Marta Pazos.

Sinopse: WALTZ é un conto que fala de amor e desamor, de namoramentos e rupturas, da vida compartida e da lembranza de amores perdidos.

En WALTZ a vida é un salón de baile onde imos cambiando de parella; hainas que che pisan os pés, outras agárrante forte pola cintura, a algunhas súanlle as mans e con outras bailarías por toda a eternidade...

O máis universal dos temas, o AMOR, sempre está moi presente nas producións da compañía VOADORA. Pero nesta ocasión VOADORA decide lanzarse de cabeza e traballar integramente sobre el dedicándolle un espectáculo no que diseccionar os sentimentos, as emocións e as sensacións extremas que leva consigo este tema universal.

WALTZ artículase en 3 movementos case independentes, como se dunha sinfonía se tratase. As ferramentas esenciais, como soe ser habitual nos espectáculos da compañía, son a ironía, o humor, a beleza, a poesía, a danza, o absurdo e a música.

Elenco: Jose Díaz, Marta Pazos e Hugo Torres

Xénero: Teatro/musical

Duración: 60 minutos

MAIORES DE 12 ANOS

3,50€

As entradas
poñeranse á venda a
partir das 19:30 horas, ata
completar a capacidade da sala.

**Sábado 21 | 11
20:30h**

Auditorio Gabriel
García Márquez,
Mera

Teatro do Atlántico, presenta o seu espectáculo **“O principio de Arquímedes”**, de Josep María Miró i Coromina, baixo a dirección de Xulio Lago.

Sinopse: Sobre a figura dun adestrador de natación con alumnos infantís, recae a sospeita, manifestada polos pais dos rapaces, de que puidera tratarse dun pederasta. A sospeita –provocada por un feito con tantos argumentos para que sexa fundada como para que sexa absolutamente infundada, medra pouco a pouco e alimenta o medo, esa sombra negra que, ao que parece, xa se converteu en presenza inevitable na nosa sociedade.

Elenco: María Barcala, Toni Salgado, Alberto Rolán e Marcos Viéitez

Xénero: Drama

Duración: 90 minutos

3,50€

As entradas
poñeranse á venda a
partir das 19:30 horas, ata
completar a capacidade da sala.

MAIORES DE 12 ANOS





Venres 27 | 11
21:00h

Auditorio Gabriel
García Márquez,
Mera

MOSTRA FINAL DO OBRADOIRO MUNICIPAL DE TEATRO DE ADULTOS.

O auditorio Gabriel García Márquez acollerá a mostra final do obradoiro municipal de teatro de adultos. Presentarase o novo espectáculo, dirixido polos profesores **Ramiro Neira e Keke Diez**. O público terá oportunidade de gozar co aprendido durante os meses de ensaio no teatro das Torres de Santa Cruz. Estamos seguros de que o espectáculo fará as delicias das numerosas persoas asistentes... Estadades todos convidados!!!

**ENTRADA
LIBRE,**
ata completar a
capacidade da sala

**Sábado 28 | 11
20:30h**

Auditorio Gabriel
García Márquez,
Mera

Volta e Dalle teatro, presenta o seu espectáculo **“DURA LEX”**, de Carlos Santiago, baixo a dirección de Comba Campoy e Carlos Santiago.

Sinopse: O xuíz Salomón da Silva, natural de Nacente, aldea perdida no Souto da Retorta, convoca un acto promocional para presentar un invento revolucionario, a DURA LEX PRO 1.0, a máquina de facer xustiza. Vítima dunha conspiración urdida nas intrincadas canalizacións do poder xudicial, o xuíz Salomón da Silva quere redimirse dando a coñecer o froito de máis de vinte anos de traballo e investigación. Entre as variadas prestacións do invento destaca a súa axilidade no procesamento de condutas delitivas, a súa economía de medios facilitada pola supresión de fiscais, avogados, procuradores e outros roles xurídicos, e a súa irreprochable imparcialidade mecánica. Ante a urxencia de reformas e recortes no eido xudicial, sancionada pola crise e a política governamental, o noso xuíz ofrece á sociedade a solución perfecta a todas as imperfeccións do sistema xudicial.

2,50€


As entradas
poñeranse á venda a
partir das 19:30 horas, ata
completar a capacidade da sala.

Elenco: Pepe Penabade

Xénero: Comedia.

Duración: 60 minutos.

MAIORES DE 12 ANOS





XI FESTIVAL INTERNACIONAL DE TÍTERES GALICREQUES

O Concello de Oleiros acolle unha nova edición do Festival Internacional de Títeres organizado polo Consorcio das Mariñas. Nesta nova edición, que será a undécima, serán tres as representacións abertas ao público en xeral que farán as delicias dos máis cativos. Todas as representacións terán lugar no auditorio do centro cultural A Fábrica, de Perillo. A entrada a todas as representacións será libre, ata completarse a capacidade da sala.

**Domingo 11 | 10
12:00h**

Auditorio centro
cultural A Fábrica,
Perillo

“A DANZA DAS MARIONETAS”

Nome da compañía: Plansjet

Procedencia: Bélxica

Técnica: Fíos

Idioma: castelán e musical

Duración: 45 minutos

Idades recomendadas: todos os públicos

Sinopse: Orixinal espectáculo popular de monicreques bailaríns. Son tallas de madeira que cobran vida ao son dos variados instrumentos tradicionais da rexión flamenca de Limbourg: gaita, zanfoña, frauta, tamboril.



**ENTRADA
LIBRE,**

ata completar a
capacidade da sala



**Domingo 11 | 10
18:30h**

Auditorio centro
cultural A Fábrica,
Perillo

“A RISA DE ALICIA”

Nome da compañía: La Mar de marionetas

Procedencia: Madrid

Técnica: Mixta. Musical e teatro de actor

Idioma: Castelán **Duración:** 60 minutos

Idades recomendadas: A partir de 3 anos

Sinopse: Alicia é unha nena que non sabe discriminar a realidade da fantasía. Os sonhos, a ficción e o mundo real mestúranse. Os sinxelos conflitos cotiáns cobran outro significado no ámbito da súa imaxinación. Chegar a tempo... As tarefas sen rematar... Demasiadas responsabilidades... Hai que crecer... Aínda es pequena... Hai que ordenar o cuarto... Obedece... Xa es maior... En que quedamos???? Os seus problemas convértense en pesadelos que a acompañan no transcurso do “día a día”, poboadas de personaxes caricaturescos que nos poden recordar aos do famoso libro “Alicia no país das Marabillas”. O “drama” disólvese cando a risa de Alicia chega como un torrente, para descargar as tensións, disolver os medos, desarmar “os malos”, desmitificar a “traxedia” e dar aos seus temores o enfoque cómico que lle permitirá conectar cos valores reais da súa propia vida.

**ENTRADA
LIBRE,**

ata completar a
capacidade da sala

**Domingo 25 | 10
18:30h**

Auditorio centro
cultural A Fábrica,
Perillo



“LEDICIAS”

Nome da compañía: A Illa dos nenos

Procedencia: Galicia

Técnica: Maxia

Idioma: Galego

Duración: 60 minutos

Idades recomendadas: Todos os públicos

Sinopse: O Mago Paco fainos un percorrido polos seus mellores xogos de maxia, introducíndonos no seu mundo fantástico, cheo de ilusión e sorrisos.

**ENTRADA
LIBRE,**

ata completar a
capacidade da sala



Domingo 20 |12
19:30h

Auditorio Gabriel
García Márquez,
Mera

CONCERTO DE NADAL DAS CORAIS MUNICIPAIS

Como todos os anos polo Nadal, o Departamento de Cultura organiza unha xuntanza para que participen todas as corais de Oleiros, co fin de intercambiar impresións e felicitar nos o Aninovo.

**ENTRADA
LIBRE,**

ata completar a
capacidade da sala

Mércores 23 |12
18:00h

Auditorio Gabriel
García Márquez,
Mera

A compañía de danza **Entremans**, presenta o seu espectáculo **“Xoga”**, escrito e dirixido por Ana Beatriz Pérez e Kirenía Martínez.

Sinopse: Xoga é un espectáculo para descubrir como es e saber de que estás feit@. Un encontro didáctico que conxuga espazo escénico, audiovisual, música e danza, diversión, unión e espectáculo. Unha viaxe desde a imaxinación ao coñecemento.

Elenco: Kirenía Celia Martínez e Beatriz Pérez

Xénero: Danza contemporánea

Duración: 50 minutos

Espectáculo dirixido a público familiar e especialmente recomendado para nenos e nenas con idades entre os 3 e os 6 anos.

3,50€

As entradas poñeranse á venda a partir das 17:00 horas, ata completar a capacidade da sala.



CICLO DE EXPOSICIÓNS



O centro cultural A Fábrica e a Casa Charry seguirán acollendo exposicións individuais e colectivas nos meses de setembro a decembro. As exposicións de obras pictóricas, escultóricas, fotográficas ou doutros estilos artísticos, permanecerán expostas durante aproximadamente dúas semanas para seguir adiante no empeño de difundir a cultura en todos os eidos e asemade incidir no desenvolvemento da educación artística dos nosos veciños e veciñas.

As exposicións temporais enmárcanse dentro da liña de promoción da creación artística e difusión das artes plásticas do Departamento de Cultura.





**OBRADOIROS
CULTURAIS
MUNICIPAIS**

OBRADOIROS TEATRAIS

Teatro do centro
cultural As Torres,
Santa Cruz



OBRADOIRO DE ADULTOS:

De setembro a novembro de 2015 e de febreiro a xuño de 2016.

Público destinatario: maiores de 18 anos.

Horario: martes e mércores, de 18:00 a 20:00 horas.

OBRADOIRO INFANTIL E XUVENIL:

De outubro de 2015 a xuño de 2016.

Obradoiro infantil:

Público destinatario: nenos e nenas nados entre 2004 e 2009

Horario: sábados de 10:30 a 12:00 horas.

Obradoiro xuvenil:

Público destinatario: rapaces e rapazas nados entre 1998 e 2003

Horario: sábados de 12:00 a 13:30 horas.

Mediante a realización de xogos e actividades, as persoas participantes desenvolverán a expresión oral e corporal, estimularán a creatividade e a imaxinación e aprenderán a interrelacionarse cos demais membros do grupo.



OBRADOIROS DE OLERÍA

Alfar do centro
cultural As Torres,
Santa Cruz

OBRADOIRO DE ADULTOS:

De outubro a decembro de 2015 e de febreiro a xuño de 2016.
Público destinatario: persoas interesadas no mundo da olería maiores de 18 anos.

Horario: luns e martes de 18:30 a 20:30 horas.

OBRADOIRO INFANTIL E XUVENIL:

De outubro de 2015 a xuño de 2016.

Obradoiro infantil:

Público destinatario: nenos e nenas nados entre 2004 e 2009

Horario: sábados de 12:00 a 13:30 horas.

Obradoiro xuvenil:

Público destinatario: rapaces e rapazas nados entre 1998 e 2003

Horario: sábados de 10:30 a 12:00 horas.

Os obradoiros amosan o proceso de creación dunha peza de barro desde o moldeado ata a cocción, os diferentes instrumentos de transformación do material e as técnicas de cocción máis utilizadas.





UN ADIANTO:

NOS VINDEIROS MESES.....

ESCOLA INFANTIL DE **ARTES PLÁSTICAS**

INSCRICIÓN E MÁIS INFORMACIÓN:

Departamento de Cultura

cultura@oleiros.org/Tel.:981 610 000





AGARIMOS DE CULTURA



Concello de Oleiros
Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



Rede de
**Dinamización
Lingüística**



**Deputación
DA CORUÑA**



**REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS**

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais